



(+34) 981 56 97 40

Rúa do Hórreo, 65  
15700, Santiago de Compostela  
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal

www.comisiondatransparencia.gal

**REGISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 02/11/2020 10:49:23


**SAIDA 13108/20**




Reclamante:   
Expediente. Nº **RSCTG 100/2020**

Correo electrónico:

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista á reclamación presentada por , mediante escrito do 26 de agosto de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 29 de outubro de 2020, adopta a seguinte resolución:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.**  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 26 de agosto de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ao Concello de Esgos, de acceso á información referente á data de comunicación e requirimento ao titular da parcela nº 518 (PORTAMEIRAS) do polígono 9 de Esgos, da retirada de la biomasa vexetal así como a retirada das especies arbóreas que contraveñen o regulado na normativa que lle é de aplicación.

A reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa solicitude.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

**Segundo.** Con data do 15 de setembro de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Esgos para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 16 de setembro de 2020.

**Terceiro.** Con data do 24 de setembro de 2020 Concello de Esgos contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que unha vez presentada pola [REDACTED] que se lle requira ao propietario da parcela nº 518 a retirada da biomasa vexetal, o persoal do Concello compróbase a titularidade da parcela, resultando que se trata dunha persoa falecida, polo que se realizan investigacións para localizar algún posible herdeiro ao que poder notificar a correspondente comunicación de cumprimento voluntario da obriga de xestionar a biomasa da devandita parcela.

O prazo para a realización voluntaria das actividades necesarias para a xestión da biomasa está ampliado ao 16 de xullo de 2020 pola Resolución do 28 de abril de 2020 relativa ao prazo previsto no artigo 22.1 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Con data 23 de xuño de 2020 colócase Bando municipal informando novamente a obrigatoriedade de que todos os terreos situados ao redor de vivendas teñen que estar limpos e perfectamente rozados de todo tipo de masa vexetal nun radio de 50 metros e sinálase como data improrrogable o 16 de xullo de 2020.

Con data do 7 de agosto de 2020, levántase a correspondente acta de Inspección da parcela de referencia e a liquidación provisional en caso de execución subsidiaria, e con data do 11 de agosto de 2020, o Concello resolve comunicar aos interesados que na referida acta de inspección comprobouse que na referida parcela se incumpe o establecido no artigo 21 da Lei 3/2007, polo que están obrigados á xestión da biomasa e retirada de especies arbóreas prohibidas para o que dispoñerá dun prazo máximo de 15 días naturais para o cumprimento voluntario.

As notificacións ao titular da parcela e aos posibles herdeiros foron devoltas por descoñecida e non retirada respectivamente polo que se procederá á publicación dun anuncio no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado cos datos catastrais do terreo, concedendo un novo prazo de 15 días naturais para proceder á xestión da biomasa, e unha vez rematado se levará a cabo unha nova inspección para comprobar o cumprimento das obrigas.

Dado que o Concello de Esgos está adherido ao Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural, a FEGAMP e SEAGA en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, e este convenio contempla a realización material das actuacións de xestión de biomasa, derivadas da tramitación de procedementos de execución subsidiaria de traballos de xestión de biomasa, que comprenderá a redacción do proxecto para a execución

subsidiaria e os traballos de xestión de biomasa sobre o terreo para o que se solicitará a realización material da execución subsidiaria á Comisión de seguimento do mencionado Convenio.

Informa o Concello que a totalidade do expediente administrativo, está ao dispor dos interesados nas oficinas do Concello de Esgos.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñeráse no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Non consta que o Concello resolvase expresamente a solicitude de acceso á información, polo que a reclamación presentada con data do 26 de agosto de 2020, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

A interesada solicitou información referente á data de comunicación e do requirimento ao titular dunha parcela, da súa obriga de retirar a biomasa vexetal e das especies arbóreas que contraveñen o regulado na normativa que lle é de aplicación. Dado que o solicitado trátase de información en poder dun suxeito obrigado, neste caso o Concello de Esgos, debe considerarse como información pública á que a solicitante ten dereito.

No informe que remite o Concello, dáse conta das actuacións administrativas practicadas para a localización e notificación ás persoas titulares da propiedade o requirimento para o cumprimento das súas obrigas de retirada de biomasa, actuacións que resultaron infrutuosas, polo que van a proceder, de acordo coa normativa, á publicación nos correspondentes diarios oficiais. Así mesmo informa de que en caso de ser necesario, como se executará a execución subsidiaria dos traballos sobre os que se solicita información.

O Concello informa que a totalidade do expediente administrativo, está ao dispor dos interesados nas súas oficinas, sen que conste que notificase resolución expresa á interesada, polo que, en cumprimento do disposto no artigo 27 da Lei 1/2016, en relación co artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello debe resolver expresamente a solicitude, previa disociación, se procede, dos datos ou contidos parciais que podan verse afectados de forma clara polos límites legalmente previstos nos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, motivando, de ser o caso, a súa resolución.

Debe lembrarse ao Concello, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, que o incumprimento reiterado da obriga de resolver en prazo ten a consideración de infracción

grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

### **ACORDA**

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 26 de agosto de 2020, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ao Concello de Esgos de acceso á información referente á data de comunicación e requirimento ao titular da parcela nº 518, da retirada de la biomasa vexetal e especies arbóreas.

**Segundo:** Instar ao Concello de Esgos, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar ao Concello de Esgos, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela

Firmado digitalmente por  
76706870F MARIA DOLORES  
FERNANDEZ (R: S6500009C)  
Fecha: 2020.10.29 18:15:31 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia**